

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ARG	Artes gráficas	CMARG02	Preimpresión dixital	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0871	Identificación de materiais en preimpresión	2018/2019	4	133	133
MPMP08_71	Procesos de impresión e acabamentos	2018/2019	4	30	30
MPMP08_71	Materiais de preimpresión	2018/2019	4	103	103

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	DANIEL CASTELO GUERRERO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A programación será a axeitada á estrutura produtiva de Galicia. Centrarase en procesos produtivos do país e adaptarse ás características da empresa gráfica tipo.

Esta programación realízase para o módulo Identificación de Materiais, pertencente ao Ciclo Medio de Preimpresión Dixital; tomado como referencia o Decreto 224/2012 polo que se establece o título de técnico en preimpresión dixital e introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e as características do contorno sociocultural do centro.

Baseándonos para esta adecuación, ademais no perfil profesional do título, competencia xeral e competencias profesionais, persoais e sociais e que se concretan no Decreto do Currículo.

Isto nos permitirá traballar de cara a conseguir o rol do posto de traballo propio de este ciclo formativo que se traducirá en actividades específicas con resultados concretos, na adaptación en función das variacións que se dan na práctica do traballo e nos procesos produtivos, actuar correctamente ante anomalías, dirixir o conxunto do traballo e acadar os obxectivos da organización, así como establecer prioridades e actuar en coordinación con outros departamentos.

O ámbito produtivo do sector en Santiago de Compostela aconsella diversificar en canto ao coñecemento dos materiais e a profundización da cor: cada vez estanse a usar máis materiais coma soportes e non só celulósicos. Cobran importancia elementos vinílicos e soportes asociados co packaging. Ademais, co avance no que son as probas dixitais de cor, é necesario un maior coñecemento do tratamento de cor. Os clientes danlle cada vez máis peso na súa valoración dos traballos á correspondencia da cor requerida coa obtida. A xestión de cor é un elemento fundamental a tratar na primeira unidade formativa.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O proceso gráfico	Etapas do proceso gráfico desde a idea ata o produto acabado	16	12
2	Procesos de impresión		11	9
3	Procesos de postimpresión		9	7
4	Tipos de papeis. Características		16	12
5	Propiedades do papel. Ensaíos		12	9
6	Tipos de soportes non papeleiros		10	7
7	Propiedades dos soportes non papeleiros. Ensaíos		10	8
8	Tipos e compoñentes das tintas		13	9
9	Propiedades das tintas. Ensaíos		12	9
10	Tipos de formas impresoras. Características		12	9
11	Propiedades das formas impresoras. Ensaíos		12	9

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O proceso gráfico	16

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os procesos de impresión e postimpresión, identificando as súas características técnicas.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características dos sistemas industriais de impresión e as necesidades técnicas en preimpresión.
CA1.6 Estableceuse a correspondencia entre os sistemas de impresión e a natureza química dos soportes.
CA1.7 Demostrouse o proceso de secado das tintas, así como a súa clasificación pola súa viscosidade, en todos os sistemas de impresión industriais.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Sistemas de impresión industriais: principios de funcionamento. Principais características. Forma impresora utilizada. Proceso litográfico offset, serigráfico, flexográfico, rotogravado, dixital e outros (tipografía, tampografía, etc.).



#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Procesos de impresión	11

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os procesos de impresión e postimpresión, identificando as súas características técnicas.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Recoñecéronse os defectos de impresión propios de cada sistema.
CA1.4 Deducíronse os sistemas de impresión nos produtos impresos.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Acabamentos superficiais: vernizado, estampaxe, termorrelevo e troquelaxe.



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Procesos de postimpresión	9

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os procesos de impresión e postimpresión, identificando as súas características técnicas.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Identifícanse os procesos de postimpresión e os seus requisitos técnicos para preimpresión.
CA1.5 Detectáronse os procesos de postimpresión nos produtos gráficos finais.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Fluxo de postimpresión.
Proceso de encadernación.
Outros procesos de postimpresión: tipos e maquinaria necesaria.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Tipos de papeis. Características	16

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Valora os soportes de natureza celulósica para considerar os axustes no proceso de preimpresión, con determinación das propiedades de imprimibilidade dos papeis.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse nos papeis a dimensión do soporte, a gramaxe, o grosor e o volume específico.
CA2.4 Descríbironse as clases de papeis e as súas características.
CA2.5 Establecéronse os formatos normalizados e os básicos.
CA2.6 Identificáronse os defectos de impresión en relación cos tipos de papeis e os procesos de estampaxe.
CA2.7 Identificáronse as características do cartón ondulado de tipos papeis, cor superficial, tipo de onda, altura, paso, grosor, gramaxe, ECT e absorción auga (ensaio Cobb).

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Clasificación de soportes papeleiros.
Denominación e formatos normalizados e básicos dos papeis
Imprimibilidade.
Clasificación e características do cartón ondulado.
Características dos papeis que inflúen directamente na impresión.



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Propiedades do papel. Ensaio	12

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Valora os soportes de natureza celulósica para considerar os axustes no proceso de preimpresión, con determinación das propiedades de imprimibilidade dos papeis.	NO

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.2 Desenvolvéronse co IGT os ensaios para determinar as propiedades de imprimibilidade de rugosidade, débil entintamento, microcontour, arrancada e penetración da tinta.
CA2.3 Determinouse a dirección de fibra e a súa estabilidade dimensional dos papeis.
CA2.8 Determináronse as propiedades ópticas dos soportes papeiros: brillo, brancura e opacidade.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Propiedades mecánicas e ópticas dos papeis.
Instrumentación e equipamentos de medición: métodos de ensaio.
Comportamento dos soportes no proceso gráfico.





#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Tipos de soportes non papeleiros	10

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Identifica os soportes de natureza plástica e compostos, analizando as súas propiedades de imprimibilidade.	NO

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valoráronse as propiedades de grosor, gramaxe, ausencia de punto e tensión superficial dos soportes plásticos.
CA3.2 Demostráronse as propiedades básicas de soportes autoadhesivos: forza de adhesión, tack e cohesión.
CA3.4 Descríbóronse as variables dos soportes compostos.
CA3.5 Clasifícaronse os soportes plásticos segundo a súa natureza química.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Clasificación das películas plásticas: criterios de selección segundo o seu uso.
Autoadhesivos: composición e características.
Soportes compostos: clasificación e características de impresión.



#### 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Propiedades dos soportes non papeleiros. Ensaio	10

#### 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Identifica os soportes de natureza plástica e compostos, analizando as súas propiedades de imprimibilidade.	NO

#### 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.3 Analízase a natureza dos soportes plásticos polo procedemento de identificación á chama.
CA3.6 Estableceuse a relación entre o tratamento coroa e a redución da tensión superficial dos soportes plásticos.

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Instrumentos e equipamentos de medición. Métodos de ensaio.



#### 4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Tipos e compoñentes das tintas	13

#### 4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Valora as tintas para utilizar en impresión, recoñecendo as súas propiedades colorimétricas.	NO

#### 4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícaronse os compoñentes das tintas e as súas variantes.
CA4.4 Establecéronse os valores densitométricos das tintas de cuatricromía dos sistemas de impresión.

#### 4.8.e) Contidos

Contidos
Composición e propiedades de tintas.
Clasificación das tintas.
Características e parámetros das tintas.
Comportamento das tintas na impresión.



#### 4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Propiedades das tintas. Ensaíos	12

#### 4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Valora as tintas para utilizar en impresión, recoñecendo as súas propiedades colorimétricas.	NO

#### 4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.2 Determináronse as propiedades colorimétricas das tintas: ton, saturación e luminosidade.
CA4.3 Demostráronse no IGT as características químicas das tintas de transparencia e pigmentación.
CA4.5 Estimouse e cuantificouse o $\Delta E_{\Delta}$ das diferenzas colorimétricas das tintas de cuatricromía utilizadas na impresión offset, serigrafía e flexografía.
CA4.6 Medíronse co colorímetro as coordenadas CIELAB das tintas de cuatricromía utilizadas nos sistemas de impresión.
CA4.7 Aplicouse a separación de residuos líquidos e sólidos nos contedores correspondentes segundo a súa natureza química e o tipo de residuo.
CA4.8 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de sustancias químicas durante a valoración das tintas no laboratorio.

#### 4.9.e) Contidos

Contidos
Características e parámetros colorimétricos: ton, saturación, luminosidade e CIELAB.
O colorímetro e a súa medición.
Características e parámetros densitométricos.
Riscos ambientais no manexo das tintas: tratamento de residuos.
Prevenición de riscos laborais no manexo das tintas.



#### 4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Tipos de formas impresoras. Características	12

#### 4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Distingue as emulsións das formas impresoras, con determinación das súas características e das súas propiedades.	NO

#### 4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Clasifícanse as formas impresoras en relación coas súas propiedades fisicoquímicas e os sistemas de impresión aos que pertencen.
CA1.2 Determináronse as características, as propiedades e a aplicación das emulsións utilizadas para as pantallas dixitais de serigrafía.
CA1.3 Descríbense as características, as propiedades e a aplicación das emulsións utilizadas para os fotopolímeros de flexografía.
CA1.4 Identifícanse as características e as propiedades das emulsións empregadas para as pranchas dixitais de offset.
CA1.5 Clasifícanse as emulsións segundo a forma impresora, a súa natureza química e o seu procesamento.

#### 4.10.e) Contidos

Contidos
Emulsións da forma impresora dixital de offset: tipos e características.
Emulsións da forma dixital de flexografía: composición, clases e características.
Emulsións da forma dixital de serigrafía: elementos, tipos e características.
Características físicas e químicas das emulsións: resolución e latitude; fontes de exposición.



**4.11.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
11	Propiedades das formas impresoras. Ensaíos	12

**4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Distingue as emulsións das formas impresoras, con determinación das súas características e das súas propiedades.	NO

**4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.6 Diferenciouse a resolución da imaxe obtida segundo o tipo de forma impresora.
CA1.7 Estableceuse a latitude de exposición das emulsións empregadas en offset, flexografía e serigrafía.
CA1.8 Distinguíronse as fontes de exposición que sensibilizan as emulsións

**4.11.e) Contidos**

Contidos
Substancias de procesado das formas impresoras.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles deste módulo serán:

- UD1.

1.1 Características dos sistemas de impresión

1.6 Correspondencia de sistemas e soportes

- UD2

1.3 Recoñecemento de defectos de impresión

1.4 Deducíronse sistemas de impresión

- UD3

1.2 Identificáronse procesos de postimpresión

1.5. Detectáronse procesos de postimpresión

- UD4

2.1 Valorouse no papel a gramaxe, volume específico...

2.4 Describíronse clases de papeis

2.5 Establecéronse formatos normalizados

- UD5

2.3 Determinouse a dirección da fibra e a estabilidade dimensional

2.8 Determináronse as propiedades ópticas

- UD6

3.1 Valóranse as propiedades de grosor e gramaxe en soportes non papeleiros

3.4 Describíronse variables de soportes complexos

3.5 Clasificación de soportes plásticos

- UD8

4.1 identificáronse os compoñentes das tintas

4.4 Establecéronse os valores densitométricos

- UD 9

4.2 Determináronse as propiedades colorimétricas

4.5 Estimouse e cuantificouse o Delta E

4.6 Medíronse o valores LAB con colorímetro

4.8 Indentificáronse os riscos

- UD10

1.1 Clasificáronse as formas

1.2 Determináronse as características das emulsións serigráficas

1.3 Describíronse as características das emulsións flexográficas

1.4 Identificáronse as características das emulsións offset

1.5 Clasificáronse as emulsións

- UD11

1.6 Diferenciouse a resolución da imaxe segundo forma



Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe, este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:

Realizaremos (para os contidos conceptuais fundamentalmente) probas escritas e/ou orais que, en función da materia a avaliar poderán ser de diverso tipo. test, preguntas breves, casos prácticos..., e todos aqueles aspectos conceptuais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. No caso de ter varias probas será a media aritmética das notas obtidas a que nos dará a cualificación final neste apartado. Non se fará a a media de ter algunha das probas con cualificación menor a 3,5. Suporán un 70% da cualificación final do módulo.

As actividades, traballos, casos prácticos e exercicios individuais e/ou en grupo servirannos para avaliar procedementos; Traballos individuais e grupais nos que se valora a estrutura e dominio de contidos, dinámica de traballo, exposición (se é o caso) e utilización de recursos, habilidades e destrezas, e todos aqueles aspectos procedementais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Suporán un 25% da cualificación do módulo.

Formarán parte da cualificación ademais a presentación e o interese/traballo en equipo (cualificacións cualitativas e que formarán parte da avaliación de actitudes). Valorarase a puntualidade, á asistencia ás clases, unha actitude de respecto tanto de cara ao profesorado coma os compañeiros/as, receptividade, así como a iniciativa, o interese, a presentación axeitada dos distintos materiais solicitados, a participación e o traballo en equipo dos alumnos/as, a uniformidade e coidado da imaxe persoal, e todos aqueles aspectos actitudinais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Dado o carácter fundamentalmente práctico do módulo, dicir que en ningún caso superarán a avaliación aqueles alumnos/as que a súa cualificación neste apartado sexa negativa ou inferior a 5. Suporán un 5% da cualificación final do módulo.

Por mor de ter dúas unidades formativas totalmente desvinculadas, o aprobado final está condicionado pola superación das distintas avaliacións, que poderán ser recuperadas en xuño de 2019.

Finalmente, dado que se trata de ensinanzas presenciais a/o alumna/o deberá asistir regularmente ás actividades programadas, considerándose perda de avaliación continua cando o número de faltas supere o 10% da duración do módulo, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 (DOG nº136/2011 do 15 de xullo). Admitiranse un 5% adicional de faltas sempre que sexan xustificadas documentalmente.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

No suposto de que se pase de curso con este módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario.

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seranlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

En ambos casos realizarase un informe de avaliación individualizado. (MD.75.AVA.01 do procedemento de Avaliación PR.75.AVA.01)



## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá:

- Actividades prácticas similares as realizadas ao longo do curso na aula/taller/obradoiro, que o alumno presentará en tempo e forma (a criterio do profesor).
- Nunha proba teórica conceptual de todo o módulo, na que terá que aprobar cunha nota mínima de 5.
- Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto nas actividades desenvolvidas e/ou presentadas como na proba teórica e na valoración actitudinal, non existindo a posibilidade de facer media entre as probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

Sinalar que para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua, terase en conta tal e como establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011: ¿O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro¿ e que poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que impliquen riscos tal e como establece a normativa vixente no seu artigo 25.4 ¿O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións¿.

A este respecto e para informar ao alumnado o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumúlase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe, comunicárase a perda do dereito á avaliación continua.

Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilizaráse o modelo MD.75.PRO.03 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01 que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso. MD.75.PRO.04 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: ¿Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de

cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para este módulo pasarase durante a segunda quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

O carácter continuo da avaliación debe permitir a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15. De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

## **9. Aspectos transversais**

### **9.a) Programación da educación en valores**

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro. Para este módulo podemos destacar:

Educación para a igualdade: estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

Educación ambiental: é fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde: é importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha axeitada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

¿ Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

¿ Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)

¿ Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a



interpretar que non todas as realidades son iguais.

¿ Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico ¿ práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Realizaranse visitas a empresas do sector gráfico, centradas en observar os procedementos produtivos na industria e, a lo menos, observar aqueles procesos que non se desenvolvan no taller de forma completa o parcial:

- Flexografía
- Impresión dixital de gran formato
- Acabados

-Realizaranse visitas a exposicións, feiras e museos que se celebren no contorno da cidade Santiago de Compostela

A previsión inicial é:

Novembro Visita a empresas offset, dixitais e de preimpresión en Galicia (Uniter e Coreti)

Novembro Visita a empresas offset, dixitais e de preimpresión en Santiago de Compostela (Museo do Pobo Galego ¿AAGG- e Tórculo)

FebreiroVisita a empresas flexográficas e serigráficas en Galicia (Valver, Flexgal e Playdesa)

Marzo Visita a Antalis (Lisboa) e Multitema (Porto)

Marzo Visita a Graphispag (Barcelona)

Abril Visita a empresas en Asturias (Morés)

Abril Visita a empresas offset, dixitais, pre e postimpresión en Galicia (Salnés e CA Gráfica)

Xuño Charla ilustradores/creadores